

Tui, 5 de outubro de 2022

Estimadas familias:

No IES Indalecio Pérez Tizón levamos varios anos organizando un club de lectura como actividade extraescolar dirixida principalmente ó alumnado, pero tamén ó resto de membros da comunidade educativa. Trátase do **Club Xerfas**, cuxo obxectivo principal é o de fomentar a lectura entre o alumnado e mellorar a súa competencia lectora. Esta actividade é gratuíta, **voluntaria** e non avaliable, e fornece un espazo para gozar da literatura e compartir historias, para falar e socializar, para debater e reflexionar, e para encontrámonos os membros da comunidade educativa.

O club funciona a través de reunións (dúas ou tres por avaliación) que teñen lugar na biblioteca do instituto **os luns á hora da comida**, para aproveitar o feito de que ese é o día que hai clase pola tarde. As reunións desenvólvense segundo a seguinte planificación:

- 14.25 h: o grupo xúntase para comer (a comida tráese da casa).
- 15.20 h: acudimos á biblioteca para comentar as lecturas realizadas ou ler pasaxes escollidas de libros.
- 15.50: realizamos actividades lúdicas en relación coas lecturas feitas ou as pasaxes lidas.
- 16.20: rematamos a sesión e descansamos dez minutos antes de comezar as clases da tarde.

O noso club está aberto a todo o alumnado, independentemente do seu nivel lector, xa que do que se trata é de fomentar o gusto pola lectura e por compartir historias. O único requisito é comprometerse a ler un libro por avaliación, sobre o que logo se debaterá e se farán actividades.

Tradicionalmente, sempre en función do alumnado que se anime a participar nesta actividade, vimos contando con tres grupos de lectura: un de alumnado de entre 11 e 14 anos, outro de alumnado de 15 ou máis anos, e outro específico de manga con alumnado de todas as idades. Os grupos estarán coordinados pola vicedirectora do centro, Irene Mera, e polo responsable do equipo de biblioteca, Óscar Pedrido, e ademais o grupo de manga, sempre que contemos cun voluntario, estará dirixido por un alumno ou un antigo alumno do centro.

Por outra banda, este curso gustaríanos contar cun grupo de lectura de adultos formado por familias do alumnado e profesorado do centro, que se reuniría tamén os luns (unhas dúas veces por avaliación) de 15.30 a 16.30 h, co obxectivo de compartir lecturas e conversas sobre elas. Animámosvos tamén ás familias a que, na medida en que poidades ou o desexedes, colaboredes cos grupos de lectura do alumnado, achegando propostas de lecturas, actividades, xogos, material audiovisual..., ou acompañándonos nalgunha sesión do club.

Agardamos que esta actividade sexa do voso interese e que tanto vós como os vosos fillos participedes nela, para o cal será preciso **entregar na biblioteca do centro a autorización/comunicación que aparece na parte de atrás deste escrito antes do día 14 de outubro**. Moitas grazas pola vosa atención e recibide un cordial saúdo.

Óscar Pedrido López
Coordinador do equipo de biblioteca e do club de lectura

AUTORIZACIÓN/COMUNICACIÓN PARA PARTICIPAR NO CLUB DE LECTURA

Don/Dona, con DNI....., manifesto que (marcar unha ou varias das seguintes opcións)

- como pai/nai/titor/a de....., alumno/a matriculado/a no curso....., AUTORIZO a súa participación no club de lectura Xerfas (NO GRUPO QUE NON É DE MANGA) en horario extraescolar.
- como pai/nai/titor/a de....., alumno/a matriculado/a no curso....., AUTORIZO a súa participación no club de lectura Xerfas (NO GRUPO DE MANGA) en horario extraescolar.
- como alumno/a maior de idade matriculado/a no curso..... ou como pai/nai/titor/a de....., alumno/a matriculado/a no curso..... DESEXO PARTICIPAR (rodear unha opción das seguintes ou as tres)
- no club de lectura Xerfas no grupo para adultos.
 - no club de lectura Xerfas como lector/a ou colaborador/a (escoller unha opción) no grupo de alumnado que non é de manga.
 - no club de lectura Xerfas como lector/a ou colaborador/a (escoller unha opción) no grupo de alumnado de manga.

E para que conste ós efectos oportunos, asino o presente escrito en Tui, o día de outubro de 2022.

Asinado:.....